

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 11/03/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11/03/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de marzo de 2024, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0647

Dáse conta do escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para ocupación de vía pública con un hinchable os días 22 ao 31 de marzo de 2024, con motivo da Semana Santa.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización na zona de aparcamento en O Ramal de titularidade municipal (onde estivo instalado o Circo), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/0703

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel Fernández Rodríguez, coa data de 5 de

xaneiro de 2024, no que indica que con motivo da inmovilización e traslado ao depósito municipal do seu vehículo Audi A4, matrícula 7529FZG, o día 30 de decembro de 2024, se produciron danos no mesmo polo que solicita o aboamento da reparación por parte do Concello. Dáse conta dos informes emitidos pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Fernández Rodríguez que previamente á resolución da súa petición deberá aportar factura ou orzamento da reparación dos danos a que fai referencia no seu escrito.

PRP2024/0704

Dáse conta do informe do Servizo de Alumado Público e Mantemento, no que indica:

As liquidacións do canon de auga e coeficiente de vertedura das instalacións municipais corresponde a depuración de auga que introducimos na rede de saneamento e termina na depuradora, estas augas son as que proveñen inodoros, lavabos, lavadoras e duchas entre outras. Este canon está establecido por Augas de Galicia (Xunta) e se repercute nos recibos de auga e depuración que emite a concesionaria Espina e Delfín.

As augas exentas do canon de auga son destinadas á rega, fontes, limpeza de rúas, bombeiros, protección civil, instalacións que se limpan con auga... entre outras. Estas augas ou se filtran no terreo ou desembocan na rede pluviais (augas limpas que terminan no río ou no mar sen pasar pola depuradora), todas as augas que non desembocan á rede de saneamento deberían estar libres do canon de auga por estar exentas de depuración xa que son augas que non o necesitan.

A diferenza radica en auga que pasa polo contador (dá igual o uso) canto máis ande o contador máis se paga de canon de depuración, e a auga das bocas de rega (dá igual o uso) carecen de contador e non se paga depuración porque son augas que non van á depuradora.

Todo isto explicase para indicar que a instalación de bocas de rega nas instalacións municipais supoñería un aforro anual aproximado de 5.700 €, xa que suporía que esa auga non pase polos contadores.

Isto mesmo xa se informou nos anos anteriores pero seguemos a ter instalación onde se poden instalar bocas de rega.

Por todo o anteriormente exposto, INFORMO:

Primeiro: Previa consulta co departamento de auga e saneamento, debería solicitarse un orzamento á empresa Espina e Delfín, para realizar as modificacións necesarias na rede de abastecemento de auga potable para a instalación de bocas de rego que permitan as correccións do canon de auga das subministracións nas seguintes instalacións: Colexio de Rubiáns, Recinto Feiral Fexdega, Praza de Abastos García Caamaño.

Estas modificacións poden contar coa colaboración do persoal e maquinaria do Departamento de Obras, para abrir gabias ou o que necesite a empresa mantedora da subministración de auga Espina e Delfín, co fin de que sexa o máis económico posible ditas modificacións para en Concello de Vilagarcía de Arousa.

Segundo: Procede revisar una posible avaria na instalación do Cemiterio-Vivenda-Viveiro.

Terceiro: Non procede o pago da instalación Centro Social O Sixto. Debe procederse a comunicar o erro na facturación a Espina y Delfín.

Cuarto: Procede enviar ao servizo correspondente para revisar as seguintes instalación por irregularidades no subministro e no consumo: Cementerio-Vivenda-Viveiro, Praza de abastos, Centro Cultural Trabanca Badiña, Colexio Rubiáns, Escola infantil Vilaxoan, e Fexdega.

A Xunta de Goberno Local acorda dar a conformidade ao citado informe e solicitar informe-orzamento á empresa Espina e Delfín, para realizar as modificacións necesarias na rede de abastecemento de auga potable para a instalación de bocas de rego que permitan as correccións

do canon de auga das subministracións nas seguintes instalación: Colexio de Rubiáns, Recinto Feiral Fexdega, Praza de Abastos García Caamaño.

PRP2024/0706

-Dáse conta de escrito presentado por D. Lino Hermida Monteagudo solicitando o cambio de ubicación da praza de estacionamento para persoas con discapacidade da praza existente na Rúa Extramuros, situando a mesma nas inmediacións do seu domicilio, no número 37 da citada Rúa e na mesma marxe na que se atopa a súa vivenda.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica:

- NON procede estimar o solicitado, posto que a referida praza de estacionamento para persoas con discapacidade xa se atopa sinalizada.

Unha vez máis, reiterarlle ao solicitante, que efectivamente, a pesares da utilidade comunitaria da praza, ésta atópase a poucos metros da súa vivenda, e por enriba dispon dun paso de peóns que permite que o tramo de poucos 20 metros sexan realizados con seguridade e de xeito rápido.

A colocación na marxe esquerda da calzada, vén abrigada pola anchura da calzada e o sentido único do tramo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado polo Sr. Hermida Monteagudo.

PRP2024/0730

Dáse conta de escrito presentado por D. José Manuel Gómez Vilas solicitando o repintado do vao permanente situado en Avda. Pontevedra nº 41, do que é titular, así como o cambio de ubicación dos colectores co fin de mellorar a visibilidade para acceder á vía pública.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

En relación co cambio de ubicación dos colectores procederase a estudar o asunto.

PRP2024/0786

A empresa VLEX NETWORKS S.L ofrece una subscripción especializada vía web sobre lexislación, xurisprudencia, libros e revistas etc. para a biblioteca municipal sen límite de usuarios sempre que accedan desde a rede ou wifi da biblioteca municipal.

A subscripción denomínase vlexPlus e está formada polos seguintes módulos a consultar con actualización diaria:

- Lexislación
- Toda a xurisprudencia dispoñible en CENDOJ
- Libros e revistas
- Modelos actualizados de Formularios e Contratos.
- Todos os Convenios Colectivos.
- Noticias.
- Muro de actualidade.
- Tradutor Automáticos de/a 13 idiomas.

Considerase que esta consulta vía web pode ser moi útil para os usuarios da biblioteca, e que se

pode ir incrementando este tipo de subscricións especializadas segundo a demanda dos usuarios, este tipo de accesos son moi demandados actualmente.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa VLEX NETWORKS S.L o contrato menor para a subscrición vlexPLUS para un ano por un importe total de 2.541 € incluído o IVE, con cargo á partida 92024.373.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0787

TeamViewer é unha aplicación que permite a conexión remota entra ordenadores, no servizo de informática é totalmente necesaria tanto para acceder aos equipos do Concello que están en outros edificios, como para conectarse con diversas empresas que prestan servizos ao Concello. A forma de contrato é subscrición por un ano.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., por un importe total de 2.031,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 92024.374, de conformidade coa oferta presentada.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Tres conexións concorrentes, 15 sesións simultáneas por conexión concorrente.

Dispositivos ilimitados desde los que conectarse

Dispositivos ilimitados a los que conectarse

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0792

Dáse conta de escrito presentado polo Club Ciclista Xiabre no que con motivo da organización da XXVII Marcha Cicloturista Arousá o vindeiro domingo 23 de xuño , solicita a autorización do Concello para a celebración da mesma, a colaboración da policía local e do servizo de protección civil, a autorización de uso dos vestiarios do pavillón municipal de Carril para os participantes na proba, tanto para cambiarse antes da proba 8:15 como para ducharse despois da mesma 13:45 horas, así como para a colocación dun palco para a entrega de trofeos , mesas para tomar uns petiscos os participantes na proba, a cesión de 6 carpas para colocar no patio do CEIP Rosalía de Castro e o arco hinchable da Fundación de Deportes.

Dáse conta de informe da Dirección Deportiva da Fundación de Deportes, no que se indica:

1º.- Débese dar traslado a Policía Local para a realización do informe necesario, pervio ao tarsalado á Xunta de Goberno Local para a autorización de celebración da citada proba, o cal non exime que o clube deba solicitar as pertinentes autorizacións na delegación de tráfico e na Xunta de Galicia.

2º.- O Club Ciclista Xiabre debe solicitar a dirección do do CEIP Rosalía de Castro a autorización para a colocación do palco no patio así como a celebración do petisco

3º.- Débese dar traslado aos seguintes departamentos do Concello:

- Concellería de policía local e seguridade cidadá en relación a solicitude de colaboración da policia local e protección civil.
- Servizo de obras, solicitude para a colocación dun palco e 6 carpas.
- Servizo de mantemento da Fundación de Deportes: a cesión de 15 mesas e arco hinchable.

4º.- Comprobado o calendario de uso das instalacións deportivas municipais pódese autorizar o uso dos vestiarios do pavillón municipal de Carril, a autorización do horario solicitado suporá unha hora extra para o operario conserxe.

5º.- O Club Ciclista Xiabre deberá presentar seguros necesarios para o desenvolvemento do torneo o marcado na normativa legal vixente indica que o organizador debe contemplar a asistencia sanitaria dos participantes no evento (artigo 33 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia) así como o seguro de responsabilidade civil (artigo 23 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia).

Nesta liña, o organizador do evento ten que subscribir como tomador o seguro de accidentes deportivos, ou ben esixir ás entidades deportivas, como requisito de inscrición para a participación dos seus equipos, a acreditación da subscripción previa e vixencia do seguro de accidentes deportivos (certificado da federación autonómica correspondente ou certificación da Federación Galega de ciclismo no que indique que o torneo é oficial polo que os deportistas contan con licenza federativa.)

6º.- Deberán tomar tódalas medidas preventivas con fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de seguridade e protección das persoas que asistan a dito evento, sendo estas medidas as seguintes:

- As portas de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade.
- Non se permitirá a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencia existentes.
- Non se permite o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

De conformidade co anterior, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada e que se dea conta aos distintos Servizos Municipais aos efectos da oportuna colaboración, así como á Dirección do CEIP Rosalía de Castro.

PRP2024/0804

Dáse conta do escrito presentado polo Vilagarcía S.D., no que solicitan para o desenvolvemento do VI Torneo Benxamín Ratibrón autorización para apertura do C.F.M. de Berdón o día 1 de maio de 9:00 a 22:00 horas, así como a cesión de 6 mesas, 6 carpas, 100 valados e 3 trofeos Solicitan tamén a apertura das instalacións as 07.30 horas para montaxe.

Para unha mellor organización do tráfico, sería conveniente, como en anteriores edicións, cambiar a dobre circulación por dirección única.

Dáse conta de informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes, no que se indica que:

1º.- Vista a ocupación das instalacións deportivas municipais, pódese autorizar o uso do C.F.M. de Berdón para o desenvolvemento o día 1 de maio do I Trofeo Benxamín Ratibrón de 7:30 a 22:00 horas.

A apertura das instalacións suporá horas extras para o operario conserxe.

2º.- Débese dar traslado á policía local da solicitude do Vilagarcía S.D. da ordenación do tráfico en sentido único o día do evento. Unha vez informado pola policía Local déberase dar traslado a Xunta de Goberno Local para que o autorice.

3º.- O Vilagarcía S.D. deberá presentar 72 horas antes da celebración do devandito evento a seguinte documentación:

- a) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- b) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos

traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento do evento. No caso de de ser voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia.

c) Deberá presentar seguros necesarios para o desenvolvemento do torneo o marcado na normativa legal vixente indica que o organizador debe contemplar a asistencia sanitaria dos participantes no evento (artigo 33 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia) así como o seguro de responsabilidade civil (artigo 23 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia).

Nesta liña, o organizador do evento ten que subscribir como tomador o seguro de accidentes deportivos, ou ben esixir ás entidades deportivas, como requisito de inscrición para a participación dos seus equipos, a acreditación da subscrición previa e vixencia do seguro de accidentes deportivos (certificado da federación autonómica correspondente ou certificación da Federación Galega de Rugby no que indique que o torneo é oficial polo que os deportistas contan con licenza federativa.) Este certificado da federación galega debe indicar explicitamente que cubre aos deportistas que veñan de outras comunidades.

No caso de equipos extranxeiros, deberá presentar o seguro de accidentes correspondente.

d) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

e) As estruturas de montaxe, de habelas, deberán contar cunha certificación, emitida por técnico competente, que garante a súa solidez estrutural.

4º.- Débese dar traslado aos seguintes departamentos do Concello da solicitude de:

- Servizo de Obras: solicitude de 100 valados, 6 mesas grandes e 6 carpas.
- Servizo de mantemento: publicidade institucional.

5º.- O evento deportivo Torneo Benxamín Ratibrón é organizada polo club Vilagarcía Sociedade Deportiva, quen leva anos organizando un torneo benxamín. A Fundación de Deportes colabora coa autorización de uso das instalacións deportivas así como do material necesario para o desenvolvemento do mesmo.

Amáis a Fundación de Deportes, nas edicións anteriores colaborou coa organización coa concesión de 3 trofeos para os primeiros clasificados.

Este evento de deporte base, permitirá a posta en acción dos e das xóvenes deportistas en aspectos físico-deportivos, e de convivencia, fomentando valores como os da tolerancia, respecto ós demais, deportividade, compañerismo, igualdade entre homes e mulleres, etc., xa que todos comparte instalación e materias, promovendo ao mesmo tempo estilos de vida saudable asociada á práctica deportiva. O Torneo Benxamín Ratibrón é unha actividade sostible co medio ambiente, xa que a enerxía utilizada polos deportistas para o desenvolvemento da competición é a enerxía proporcionada pola súa propia musculatura, considerándose polo tanto unha actividade ecolóxica.

Por elo pódense conceder 3 trofeos para os primeiros clasificados.

Solicitouse orzamento a empresa Deportes Rodas SL, presentando un orzamento de 46,15 € iva incluído.

6º.-No desenvolvemento dos citados eventos, deben acatar o que establece o Regulamento de Rexime Interno da Fundación de Deportes en canto a publicidade do Concello e da Fundación nas instalacións deportivas municipais.

7º.- O Vilagarcía SD deberá tomar tódalas medidas preventivas para o cumprimento estrito da lexislación en relación a venta e introducción das bebidas alcohólicas e tabaco nas instalacións solicitadas, tal como indica a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

8º.- Deberán tomar tódalas medidas preventivas con fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de seguridade e protección das persoas que asistan a dito evento, sendo estas medidas as seguintes:

- As portas de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade.
- Non se permitirá a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencia existentes.
- Non se permite o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

De conformidade co anterior, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada e que se dea conta aos distintos Servizos Municipais aos efectos da oportuna colaboración.

PRP2024/0816

Dáse conta do convenio asinado entre D. José Beleiro Gambino e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión de 6 m² dunha parcela, con referencia catastral 1558406NH2115N, situada no punto de cruzamento entre as Rúas do Cristo do Vento e Rúa Vento, para ampliación e mellora do cruce das citadas rúas.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión do terreo indicado, nas condicións fixadas no convenio asinado.

PRP2024/0818

Dáse conta do escrito presentado por Dona Socorro Cores Muñiz solicitando a instalación de fibra óptica no seu domicilio en Rúa 9 A Rosaleda nº 16.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2024/0819

Dáse conta do acordo plenario de 29 de febreiro de 2024 sobre a resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo en Praza Xoan XXIII, adxudicado o 24 de xullo de 2002 a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA).

A Xunta de Goberno Local acorda continuar coas mesmas tarifas, indicando que posteriormente se vai a proceder a revisar os prezos e establecer bonificacións.

As tarifas de prezos pola utilización das prazas de garaxe do Parking, serán as seguintes (IVE incluído):

Prezo por minuto: 0,0183€

Máximo por día de estancia: 13,15€

ABONOS	15 días	30 días
Abonos 12 horas	43€	57€
Abonos 24 horas	54€	72€
Abonos 24 horas (3ª planta)		67€
Abonos 24 horas		36€

(motocicletas)		
Abono especial funcionarios		36€

PRP2024/0823

A empresa Telefónica comunica que o contrato de aluguer con mantemento, nº 0803TQ03323431P, da centralita telefónica da Fundación Fexdega rematou, ofrecendo á Fexdega a posibilidade de adquirir a centralita por un prezo de tres mensualidades do aluguer (424,35 € + IVE).

Ademais, a empresa Telefónica está a realizar un cambio de tecnoloxía nas súas liñas de comunicacións, consistente en substituír as actuais liñas de cobre por fibra óptica. Este cambio supón unha mellora na calidade e velocidade das comunicacións. O prazo para realizar este tipo de migración remata o dezanove de abril de 2024 en todo o territorio nacional. No caso da Fundación Fexdega este cambio de tecnoloxía xa se levou a cabo nas liñas individuais.

Para as liñas que dan servizo ás centralitas telefónicas, a empresa exige a firma dunha Carta de Aceptación (oferta) para realizar o cambio de tecnoloxía e manter os servizos en funcionamento. A centralita da Fundación Fexdega está afectada polas liña de cabeceira 986566898. Esta oferta non supón incremento do custes actuais nin permanencia.

A oferta mensual de Telefónica para as liñas da centralita da Fundación Fexdega (986566898) é de 93,28 €/mes IVE incluído, esta contía é inferior ao gasto medio mensual actual para este servizo. Este importe é orientativos, dependendo do tráfico das liñas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A firma da Carta de Aceptación (Oferta) da empresa Telefónica de España S.A. sobre a migración á tecnoloxía de fibra óptica dos servizos RDSI da centralita da Fundación Fexdega .
- A compra da centralita telefónica do recinto da Funfacción Fexdega unha vez rematado o contrato de aluger polo importe correspondente a tres mensualidades, é dicir, 513,46 € IVE incluído (424,35 € + IVE), que serán abonados pola Fundación Fexdega.

PRP2024/0826

As funcións do persoal do servizo de Informática distribúense actualmente, de maneira xeral, da seguinte forma:

- Xefatura e coordinación do servizo, unha persoa.
- CAU (centro de atención aos usuarios e microinformática), tres persoas.
- CPD (centro de proceso de datos, servidores e comunicacións), dúas persoas

No mes de marzo de 2024, acábase de incorporar unha persoa cuxa función principal será a administración informática do Centro de formación de Matosinhos e organización e impartición de cursos de formación no centro. Tamén colaborará coas funcións do persoal do CAU e do CPD. Cada vez existe un maior número de servizos informáticos e de comunicacións instalados nos edificios exteriores (auditorio, bibliotecas, prazas de abastos, edificio obras, escola taller, escola de música, instalacións deportivas etc.) e na vía pública, exemplo: servizos de conexión a internet, xestión de cableados de voz/datos nos edificios, servizos WIFI, Servizo de Aluger Bicicletas, Pantallas informativas, aplicacións web, sistema de taquillas intelixentes etc. O funcionamento de todos estes sistemas necesitan unha dedicación constante para o seu correcto funcionamento debido a súa complexidade.

Por todo o anterior propoño, que una persoa do departamento de informática debe xestionar o funcionamento dos sistemas informáticos e de comunicacións dos edificios exteriores que se lle vaian encomendando, coordinado e baixo a dirección do servizo de informática. Esta persoa debe estar fisicamente no edificio do Auditorio por ser o edificio máis complexo e contar cos medios necesarios.

Visto o informe do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda que a persoa que se encargue deste cometido sexa o funcionario Ricardo Lages Vázquez, una vez que se incorpore ao seu posto de traballo dada a súa situación actual de baixa por IT, por posuír o perfil máis adecuado para desenvolver este traballo e se traslade ao edificio do Auditorio, onde se lle dotará dos medios necesarios, establecéndose, como posible lugar de traballo o despacho que utilizaba o Técnico de Normalización Lingüística, pol que, nun futuro podería ser compartido o seu uso.

PRP2024/0827

Dáse conta do Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á avésa asiática (Vespa Velutina) no ano 2024.

O convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/0811

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cristina Durán Recuna para a realización do video clip para a conmemoración do día do Pobo Xintano o vindeiro 8 de abril, por un importe de 3.630,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2024/0788

Dáse conta da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva, para o 2024, das axudas e subvencións para os Obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, concibidos como programa de formación, práctica profesional e para incentivos á contratación temporal en empresas, respetando os principios de obxetividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A)

Vista a proposta da Consellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2024 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbáns en instalacións e edificios de titularidade municipal.
- Realización e acondicionamento de equipamentos e infraestructuras de albanelería en edificios e espazos de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados:

-Traballos e instalacións de elementos de carpintería e moble: Certificados de profesionalidade NIVEL 1 MAMD0209 E NIVEL 2 MAMS0108 e módulo profesional de lacados e barnizados MF0167_1

- Fábricas de albanelería e operacións auxiliares de revestimentos e acabados: Certificado de profesionalidade NIVEL 1 EOCB0109, NIVEL 1 EOCB0209 E NIVEL 2 EOCB0108.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 411.928,00 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
112.608 €	31.680 €	238.140 €	29.500 €	411.928 €

3º. A aprobación do compromiso de dotación orzamentaria, de 20.005 € para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello de 2024, unha vez estea concedido o obradoiro de emprego OE FORME 2024.

4º. Debe terse en conta para o orzamento 2025 o aumento na cantidade ata acadar o total de 30.000 € de aportación municipal para o desenvolvemento total do proxecto.

PRP2024/0789

Dase conta da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Programas de Emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353B)cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego Labora Xove 2024 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo nos espazos naturais e nas instalacións acuáticas de titularidade municipal.
- Realización, conservación e mantemento de xardíns e espazos públicos naturais e composición de elementos decorativos con plantas para feiras, festas e eventos musicais.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Socorrismo acuático: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AFDP0209/AFP0109.
- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes: Certificados de profesionalidade Nivel 2 AGAO0208.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da subvención correspondente de 438,603,20 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
120.115,2 €	33.792 €	254.016 €	30.680 €	438.603,20 €

3º. A aprobación do compromiso de dotación orzamentaria no ano 2024, de 20.005 € para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello de 2024, unha vez estea concedido o obradoiro de Emprego Labora Xove 2024.

4º. Debe terse en conta para o orzamento 2025 o aumento na cantidade ata acadar o total de 68.000 € de aportación municipal para o desenvolvemento total do proxecto.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0810

O Concello de Vilagarcía ten na dirección <https://visitvilagarcia.com/> a exposición de todos os seus atractivos turísticos e da información precisa para calquera decida achegarse á nosa cidade para visitala.

O IES Armando Cotarelo Valledor está a participar no Programa Europeo de Mobilidade de Alumnado con Necesidades Educativas Especiais. A actividade a contratar é a inserción da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria dos 6 alumnos e 3 profesores que participan nese programa e que acudirán, entre o 6 e o 13 de abril de 2024, ao centro Zhoiz, na cidade de Zabrze, en Polonia.

Vista apropiada da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda asinar, co IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR, o contrato menor de publicidade para a promoción da imaxe institucional de Vilagarcía de Arousa, que ten como contraprestación a inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa nos sudadoiros que o alumnado e profesorado luciran en Zabrze. Esas prendas tamén serán entregadas ao alumnado do instituto que participa no programa pero que non resultaron seleccionados para o intercambio así como aos anfitrións polacos.

O Concello acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Debora Fontenla Oliveira (LAMARKA), por importe de 574,99 € (IVE engadido) con cargo á partida 92024.422, polo subministro de 25 sudadoiros para a súa posterior entrega ao IES Armando Cotarelo Valledor.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0820

Dáse conta do informe do Director da Escola de Música en relación coa xustificación ante a Deputación Provincial da subvención concedida ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023 - Liña 2 (Gasto Corrente Novo, por importe de 9.500,00 € para limpeza da Escola Municipal de Música, ascendendo os gastos totais a 14.065,68 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a conta xustificativa da citada subvención.

MERCADOS

PRP2024/0821

Dáse conta da solicitude de Don Sergio Soñora González, de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 11 e 12 exteriores, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é

concesionaria Dona Mercedes Bello Magán.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que o Sr. Soñora González curmpiu o proceso de transmisibilidade ds concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 20-11-2023 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 28 de novembro ao 20 de decembro de 2023 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 1.800 € en concepto de traspaso da concesión dos postoss nº 11 e 12, da zona H, da praza de abastos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de D. Sergio Soñora Gonzalez dos postos nº 11 e 12, da zona H, da Praza de Abastos de Vilagarcía de arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende o acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 27-03-2000, data de adxudicación á anterior concesionaria Dona Mercedes Bello Magan), correspondendolle por tanto vinteseis anos de concesión.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/0779

Vista a proposta da Concellería de Xuventude , a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar as bases e prezos públicos para a realización do Campamento Urbano de Verán 2024 a levar a cabo durante o mes de xullo e ata o 14 de agosto de 2024 no CEIP Arealonga, en horario de 8:00 a 15:00 h (de 8:00 a 9:00 o Plan Madruga), dirixido a 70 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2020, por un importe estimativo de monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano de 22.406,86 € (IVE incluído) (partida 2314.22624) e o prezo estimativo de limpeza das instalacións de 2.500 € (IVE incluído) (partida 2314.22610), dando un importe total de 24.906,86 € (IVE incluído).

- Importe prezo estimado por participante o tempo completo de desenvolvemento do campamento de verán: 355,81€.

Importe prezo estimado por participante e mes 237,20 €.

Importe prezo estimado por participante e quincena 118,60 €.

No referente a cota a aboar polos/as usuarios/as, acórdase a aprobación dos seguintes prezos públicos:

- 135 € (o total do período: do 3 de xullo ao 11 de agosto).
- 90 € mes.
- 45 € a quincena.

As cotas do servizo terían unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, tal e como se indica:

R.P.C familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario/a	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80 e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

1. Nen@s pertencentes a familias con máis dun/dunha menor ao seu cargo, desconto dun 20%.
2. Nen@s pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %.
3. Cando participen no programa varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 %.
4. Menores pertencentes a familias en situación acreditada de vítima de violencia de xénero, descontó dun 20%.

O prezo público é inferior o límite fixado en función dos orzamentos estimados, xa que é obxectivo principal desta actividade o de habilitar mecanismos de conciliación da vida familiar e laboral así como proporcionar aos nenos e nenas unha oferta de actividades socioculturais dentro do eido da educación non formal, aproveitando o potencial educativo do tempo libre dentro dos períodos vacacionais. Por esta razón se aconsella unha redución do prezo público tal e coma se recolle no artigo 4.2 da Ordenanza número 38 reguladora do Prezo Público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou sociocultural organizadas polo Concello.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2024/0824

A Concellería de Turismo está a promover Vilagarcía como un destino turístico gastronómico, tanto pola calidades dos produtos locais (os da ría e os da horta) como polo nivel que está a alcanzar a hostalería.

Vista a proposta do Concelleiro de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor e o patrocinio con Dona Mar Calvar Baleirón para a celebración da Feira TURISMO DE SABORES, na Praza da Peixería os días 8, 9 e 10 de marzo de 2024 por un importe de 1.500,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 9204.420.

A contraprestación ao patrocinio materializarase en:

- A incorporación destacada do logotipo do Concello de Vilagarcía de Arousa, como patrocinador do evento en:
 - O cartel oficial.
 - Nas publicacións e redes sociais que realiza o organizador , cun enlace directo a www.visitvilagarcia.com
 - O Roll-up a utilizar nas distintas roldas de prensa
- Presenza do Alcalde, ou en quen delegue, e/ou outros concelleiros, na rolda de prensa de presentación da Feira.
- Mención destacada do Concello de Vilagarcía de Arousa e a súa Concellería de Turismo en todas as comunicacións e promocións on line que se realicen do evento.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2024/0707

Dáse conta de oficio remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, con data rexistro de entrada 21/11/2023, no que remiten certificación de Sentenza estimatoria nº

233/23, con relación ó Procedemento Abreviado 50/2023MS, seguido a instancia PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS e por D. FRANCISCO RÍOS RIVEIRO e formulado contra a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos mesmos con data de rexistro de entrada 08/07/2022, polos danos sufridos no vehículo matrícula 2790KVG, ao colisionar cun contenedor de lixo que invade a calzada.

Tendo en conta que dita Sentenza é firme, e que no seu fallo, condena ao Concello aboamento a D. Francisco Ríos Riveiro da cuantía de 200 euros e a Plus Ultra Seguros Generales y de Vida, S.A. de 1.818,93 euros, cantidades que se incrementarán co Índice de Garantía da Competitividade, desde a data de presentación da reclamación na vía administrativa, así como ao pago das costas do litixio.

Indícase ademais que existe unha franquía de 600,00 € na póliza de R.C., suscrita coa compañía aseguradora Mutua General de Seguros.

Por outra banda, tras ser requiridos os reclamantes polos letrados do Concello para aportar datos bancarios, con data 30/01/2024, remiten correo no que aportan os mesmos e ademais indican que a franquía que debe pagar o Concello debe distribuírse do seguinte xeito: 200 euros a favor de D. Francisco Ríos Riveiro e 400 euros a favor da compañía aseguradora.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Proceder á execución da sentenza número 233/23 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra.

SEGUNDO: Aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de D. Francisco Ríos Riveiro da cuantía de 200 euros e a Plus Ultra Seguros Generales y de Vida, S.A. de 1.818,93 euros a que ascende a franquía, imputándoo á partida 929.22699.

TERCEIRO: Comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda á execución da sentenza pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade que resulta do cumprimento da citada sentenza.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/0781

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Viñas Publicidade SL, para reparto de cartelería coa programación das actividades con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, por un importe total de 72,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 9204.394.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0783

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Cristina Durán Recuna para o deseño de cartelería para o Obradoiro de Novas Masculinidades, por un importe total de 72,60 € (IVE incluído), con cargo ao orzamento municipal.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0784

Mediante Resolución de transferencias, do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2023 (BOE 20 de xullo de 2023). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 24.288,28 €.

A resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2024.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dun obradoiro dirixido ao profesorado, sobre masculinidade e coeducación en formato on-line, que complementa os que están a realizar co alumnado de primaria e secundaria e a súa adxudicación a D. Jorge García Marín, por un importe total de 353,00 €, con cargo aos Fondos do Pacto de Estado.

